



CIRCULAR N° 25

Tempada 17-18

Destino: Asembleístas, Delegacións Zonais, Comités Árbitros.

Asunto : Emendas as Normas para as Competicións Oficiais e ás propostas de Modificación do Regulamento Xeral e Disciplinario da Federación Galega de Baloncesto.

O próximo día 18 de xuño 2018 terá lugar, en Santiago de Compostela, a Asemblea Xeral Ordinaria da FGB. Nesta vaise a tratar a modificación e aprobación das Normas para as Competicións Oficiais da próxima tempada.

Esta Federación Galega de Baloncesto, xunto coa convocatoria da Asemblea, envía a todos os membros da mesma o proxecto de Normas de Competición e modificacións ao Regulamento Xeral e as contas anuais.

Todos os asembleístas poden aportar as súas suxestións de cara a estas cuestións remitindo as emendas, antes do día 11 de Xuño, ás 13.00 horas, dirixíndoas a esta Federación (Estadio Multiusos San Lázaro, Porta 14 de Santiago).

Todas as emendas deberán chegar a esta Federación mecanografadas a dobre espazo e terán que presentar un texto alternativo o enmendado, de forma que serán remitidas a todos os asembleístas antes da celebración da Asemblea prevista para o día 18 de xuño de 2018.

Santiago, 28 Maio de 2018

Asdo. Susana Fernández Fiuza
Secretaria Xeral

NORMAS PARA O DESEÑO DA ASEMBLEA

1º.- As presentes normas teñen como fin esclarecer e axilizar o desenvolvemento assembleario, de maneira que esta se desenvolva o mellor posible.

2º.- As intervencións e votacións dos Sres. Asembleístas son persoais e intransferibles, polo que a persoa que estea acreditada en cada caso será a única que poida facer uso da palabra e exercer o dereito a voto.

3º.- Para facer uso da palabra, os Asembleístas deben solicitalo ao Sr. Presidente, quen, en aplicación do Artigo 45 dos Estatutos e 189 do Regulamento Xeral, será quen dirixa os debates, conceda ou retire a palabra, e pase a votación os asuntos cando o considere oportuno.

4º.- Só serán obxecto de debate particularizado aqueles temas ou preceptos que sexan obxecto de emenda e os que o Presidente ou a maioría da asemblea considerase preciso. Os temas ou preceptos non emendados entenderanse como aprobados, salvo que resulten afectados por emendas aceptadas en relación con outros temas ou preceptos. Artº 192 do Regulamento Xeral da F.G.B.

5º.- Durante a sesión só poderán presentarse emendas transaccionais que pretendan aproximar o contido das emendas presentadas e o texto do relatorio. As emendas transaccionais deberán presentarse por escrito antes de iniciarse a votación do texto ou precepto correspondente. A cualificación e admisión de tales emendas corresponderá ao Presidente. Artº 194 del Regulamento Xeral da FGB.

6º.- Por cada emenda poderán producirse dúas quendas a favor e dúas en contra por tempo non superior a tres minutos cada unha. En caso de emendas que se formulen no mesmo sentido, o Presidente poderá dividir as quendas a favor entre os emendantes. Artº 195 del Regulamento Xeral da FGB.

7º.- Finalizado o debate de todas as emendas a un tema ou precepto, someterase a votación o texto que, nese momento, propoña o Presidente. Se fose rexeitado, se someteranse a votación pola orden do seu debate, as emendas presentadas ata que algunha resulte aprobada. Artº 196 do Regulamento Xeral da F.G.B.

8º.- A aprobación das emendas requirirá a maioría simple, salvo que os Estatutos da Federación Galega de Baloncesto dispoñan outra cousa. Artº 197 do Regulamento Xeral da FGB.

9º.- As votacións efectuaranse a man alzada, salvo o disposto nos Estatutos para casos específicos. Artº 198 do Regulamento Xeral da FGB.

NORMAS PARA ACREDITACIÓN DE ASEMBLEISTAS

1º.- Para acreditarse na Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria da FGB do próximo día 18 de xuño do 2018 será preciso comunicar a súa asistencia a esta Federación antes do día 11.06.18., por correo electrónico a secretaria@fegaba.com, ou por fax ó 981-566066.

2º.- Os asembleístas deberán ir provistos do DNI o documento oficial similar.

3º.- Achégase ficha de asembleísta para súa cumplimentación no caso de que se teña que modificar algunha dirección de correo electrónico.

4º.- Achégase tamén, para os clubs membros da Asemblea Xeral nos que sexa necesario un cambio de representante, os formularios necesarios para a realización desta modificación do representante dese club.

5º.- Calquera asembleísta que queira asistir acompañado dalgunha persoa deberá solicitalo por escrito á Federación Galega de Baloncesto antes do día 11.06.18 ás 13.00 hrs., por medio do correspondente impreso que se xunta.



ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

18 DE XUÑO DO 2018

ACREDITACION DE INVITADO

D. _____, en calidade de membro da Asemblea Xeral da Federación Galega de Baloncesto, solicita que acredite como invitado da Asemblea Xeral da FGB. do día 18 de Xuño de 2018 a D. _____ con D.N.I. Nº _____.

En _____, a _____, de _____ de 2018.

Asdo. _____

DNI Nº _____